



BOLIVIA

Tipo de adopción: Plena

A persoa menor adoptada non perde a nacionalidade boliviana.

Requisitos:

- Estado civil: casado/a, solteiro/a, divorciado/a, parella de feito, viúvo/a
- Idade (Solteiro e parella): ≥ 25 , ≤ 55
- Permite a adopción se se teñen fillos biolóxicos: Si
- Permite a adopción se se teñen fillos adoptivos: Si
- Monoparentais: Home, Muller

As persoas solteiras poden ser homes ou mulleres, aínda que os xuíces poden poñer limitacións aos homes e na práctica é difícil que acepten o ofrecemento.

Características dos nenos:

- Menores de 18 anos, de nacionalidade boliviana e residindo no país, con resolución xudicial que estableza a extinción da patria potestade dos pais, que acredite a súa condición de orfo e a inexistencia de vínculos familiares.
- A diferenza de idade entre o adoptante e o adoptado debe ser de, polo menos, 18 anos. En caso de parellas, casadas ou non casadas, polo menos unha das persoas deberá ter menos de 55 anos de idade.
- Ter a preparación e información correspondente sobre os efectos da adopción, segundo a súa etapa de desenvolvemento.
- Terán preferencia para a adopción: nenas e nenos maiores de 4 anos, grupos de irmáns, nenas e nenos en situación de discapacidade, e nenas e nenos que precisen cirurxías menores ou tratamentos médicos que non involucren risco de vida, perda de membros ou outros. Tramitaranse con prioridade.

Forma de tramitación:

Poderá tramitar a súa adopción:

- A través do Organizacións Acreditadas para Adopción Internacional(OAAI).

IPI

Gran Vía de las Cortes Catalanas, 646, 1º, 2ª

Barcelona (8007)

Teléfono: 934120102

<http://ipi-ecai.org>

info@ipi-ecai.org

Documentación necesaria:

- Solicitude de adopción motivada.
- Copia actualizada do pasaporte.
- Certificado de matrimonio ou documento que probe a unión de feito, segundo a normativa vixente.

- Certificado médico e avaliación psicolóxica acreditando unha boa saúde física e mental. Válidos por un ano.
- Certificado de penais.
- Certificado negativo de delitos sexuais.
- Certificado domiciliario expedido por autoridade competente.
- Certificado de realizar os cursos de preparación para a adopción.
- Certificado de idoneidade. Dous exemplares.
- Informes psicosociais.
- Compromiso de seguimento.
- Certificado de nacemento.
- Certificado de empadramento.
- Certificado de solvencia económica.
- Informe post-adoptivo favorable para novos trámites de adopción.
- Autorización para o trámite de ingreso da nena, neno ou adolescente no país de residencia dos adoptantes. 1 ano de validez.
- Informe postadoptivo favorable para novos trámites de adopción.
- Fotos.
- Todos os documentos deberán ser orixinais e estar apostilados.
- **A maiores, deberá aportarse a documentación esixida en Galicia.**

Organismo público competente:

Ministerio de Xustiza- Viceministerio de Igualdade de Oportunidades- Dirección Xeral de Nenez, Xuventude e Persoas Adultas Maiores.

Embaixada en España:

Embajada de Bolivia en España

Serrano 40, 5º D - 28001 Madrid

Teléfono: 915780835 Fax: 915773946

Estancia esixida no país:

- A estancia mínima aproximada no país é de 2 meses.

Informes de seguimento:

- 1 informe semestral durante 2 anos , 2 exemplares.

Lexislación:

- Convenio relativo á protección do neno e á cooperación en materia de adopción internacional, feito na Haia o 29 de maio de 1993.
- Convenio suprimindo a esixencia da legalización dos documentos públicos estranxeiros, feito na Haia o 5 de outubro de 1961.
- Acordo bilateral España-Bolivia de 29/10/01.
- Código da Nena, Neno e Adolescente, de 17/07/2014, Lei nº 548.
- Decreto Supremo nº 2377, de 27 de maio de 2015, reglamento á Lei 548.

- Constitución política do Estado de Bolivia, do 07/02/09.
- Resolución administrativa nº 002/2015, de 31 de xullo, que aproba o Protocolo de Adopcións Internacionais.
- Lei nº 1168, de 12 de abril de 2019, de abreviación procesual para garantir a restitución do dereito humano á familia das nenas, nenos e adolescentes.

Observacións:

O procedemento solo poderá levarse a cabo mediante OAA acreditado que teña subscrito Acordo Marco co estado boliviano.

Data de actualización:

A información do país foi actualizada o 14/08/2023.